

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS, PAIS E REPRESENTANTES LEGAIS "PEDRAS BRANCAS"

DAS ALUMNAS E ALUMNOS DO CENTRO DE ENSINO DE INFANTÍL E PRIMARIA FOGAR **DE CARBALLO**

CAPÍTULO I

Denominación, domicilio, ámbito e fins da Asociación.

Título 1

Denominación, domicilio e ámbito.

Artigo 1

Ao abeiro do previsto na Lei Orgánica do Dereito á Educación 8/1985 e da Ley Orgánica 1/2000 de 22 de marzo e demais leis e disposicións complementarias, constitúese a Asociación de nais, pais e representantes legais "PEDRAS BRANCAS" das alumnas e alumnos do centro de ensino de infantil e primaria Fogar de Carballo, sito na rúa Vila de Ordes s/n, CP 15.100, en Carballo (A Coruña).

Rexerase por ditos estatutos, e pola demais lexislación en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2

A Asociación fixa o seu domicilio social na rúa Vila de Ordes s/n de Carballo, CP 15.100, A Coruña.

Non obstante, poderá ser trasladado por acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria a calquera outro punto da vila.

Artigo 3

O ámbito de competencia da Asociación será o mesmo que alcance o Centro.

Artigo 4

A Asociación constitúese con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro, por tempo indefinido e con carácter voluntario, e, pola súa propia natureza, proclama o respecto aos principios da Constitución e demais normas legais que lle afecten.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Título 2

Fins da Asociación

Artigo 5

Son fins da Asociación:

A - Asistir e defender o dereito dos seus membros no que concirne á educación de seus/suas fillos/as e pupilos/as.

B – Promover a participación de nais, pais e representantes legais dos/as alumnos/as e pupilos/as na xestión do Centro.

C - Asistir as nais, pais e representantes legais dos/as alumnos/as e pupilos/as no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.

D - Colaborar, baixo o control da Dirección no labor educativo do Centro e de xeito especial nas actividades complementarias e extraescolares.

E - Elixir os seus representantes e participar activamente nos órganos colexiados do Centro.

F - Defender e facer respectar a efectiva igualdade de dereitos dos/das alumnos/as opoñéndose a todo tipo de discriminación por razóns de sexo, raza, lingua, relixión ou ideas.

G - Estimular a participación de nais, pais e representantes legais dos/as alumnos/as e pupilos/as na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.

H - Fomentar as relacións de cooperación do Centro cos outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do contorno.

I - Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro.

L - Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, solicitando a atención e as axudas que esta merece.

M - Promover actividades formativas, culturais e de estudo.

N - Promover reunións de colaboración de nais, pais e representantes legais con profesores/as e as boas relacións entre ambos colectivos.

Ñ - Todos aqueles que non estean recollidos nos Estatutos e que sexan conformes á lei.

Artigo 6

Para o cumprimento destes fins realizaranse, loxicamente, todas aquelas actividades de promoción, fomento, formación e práctica da actividade cultural. Reunións con todos os sectores da comunidade educativa e todas aquelas tendentes a cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.

Artigo 7

A - Para a realización das actividades que lle son propias, a Asociación utilizará os locais do centro, facilitados polo/a director/a, quen favorecerá tamén a integración das citadas actividades na vida escolar, atendendo ao normal desenvolvemento da mesma.

B - Para os efectos da utilización dos locais do Centro ao que se refire o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do Centro.

Artigo 8

Para o mellor cumprimento dos fins, esta Asociación poderase integrar na Federación Municipal de Carballo de AMPAS de Centros Públicos, na Federación Provincial de AMPAS de Centros Públicos, na Confederación Galega de AMPAS de Centros Públicos (CONFAPA-GALICIA) e na Confederación Española de AMPAS (CEAPA).

CAPÍTULO II

Dos socios/as, dereitos e obrigas.

Título 1

Dos socios/as.

Artigo 9

Os/as socios/as poderán ser:

A - Numerarios/as.

Serán Socios/as numerarios/as da Asociación as Nais, Pais e Representantes Legais dos alumnos/as e pupilos/as do Instituto de Educación Secundaria "ISIDRO PARGA PONDAL" de Carballo que o soliciten e se sometan ás disposicións dos presentes Estatutos.

B - Adheridos/as.

Poderán ser socios/as adheridos/as aqueles/as que sendo socios/as numerarios/as, deixen de selo por non ter fillos/as ou pupilos/as no Centro e así o soliciten á Xunta Directiva.

C - De honor.

Poderán ser socios/as de honor aqueles/as que polos seus relevantes méritos e servizos á Asociación sexan propostos polos órganos de representación á Asemblea Xeral, e esta os/as acepte.

Título 2

Dereitos dos socios/as.

Artigo 10

A - Son dereitos dos socios/as numerarios/as:

- 1 - Asistir con voz e voto ás Asembleas Xerais da Asociación.
- 2 - Elixir e ser elixible para todas as funcións representativas da Asociación.
- 3 - Participar e colaborar nas actividades que organice a Asociación para cumprir os seus fins.
- 4 - Formular propostas aos Órganos de Goberno da Asociación.
- 5 - Recibir a oportuna información acerca dos proxectos e actividades que a Asociación realice.
- 6 - Tomar parte en todas as actividades e gozar de todos os servizos que para os/as asociados/as estableza a Asociación

B - Son dereitos dos/as socios/as adheridos/as de honor:

- 1 - Asistir con voz ás Asembleas Xerais da Asociación.
- 2 - Participar e colaborar nas actividades que organice a Asociación para cumprir os seus fins.
- 3 - Formular propostas aos Órganos de Goberno da Asociación.
- 4 - Tomar parte en todas as actividades e gozar de todos os servizos que para os/as asociados/as estableza a Asociación.

Título 3

Obrigas dos socios/as.

Artigo 11

Son obrigas dos/as socios/as :

- A** - Observar e cumprir os Estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- B** - Acudir ás reunións e Asembleas previstas nos Estatutos.
- C** - Desempeñar fielmente os cargos que se lle confíen.
- D** - Cooperar no labor e fins da Asociación.
- E** - Cumprir e acatar as normas da Asociación.
- F** - Contribuír economicamente ao sostemento da Asociación na forma e modo que se estableza na Asemblea Xeral.
- G** - Ter unha boa conducta individual e cívica.

Artigo 12

- A** - Os/as socios/as xuvenís e adheridos/as deberán acatar as normas e Estatutos da mesma. Tamén terán que aboar as cotas, agás acordo expreso da Asemblea Xeral.
- B** - Os/as socios/as de honor deberán acatar as normas e Estatutos da mesma. Estarán exentos de aboar as cotas.

Título 4

Perda da condición de socio/a.

Artigo 13

A condición de socio/a perderase:

- A** - Cando voluntariamente o soliciten por escrito á Xunta Directiva.
- B** - Por baixa de fillos/as ou pupilos/as matriculados/as no Centro.
- C** - Por impago das cotas:
 - 1** - Por un período superior a dous meses e mediando apercibimento previo da Xunta Directiva.
 - 2** - Por un período superior a tres meses é baixa automática.
- D** - Por acordo da Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva polas razóns seguintes:
 - 1** - Cando se aprecie algún intento de desprestixio da Asociación.
 - 2** - Cando interfira a boa marcha, administración e goberno da Asociación.

3 - Cando se observe incumprimento inxustificado da normativa da Asociación, e, en particular dos artigos 10 e 11 destes Estatutos.

4 - Por utilización da Asociación con fins alleos aos específicos da mesma.

Artigo 14

Para excluír a calquera socio/a por causas do apartado D do artigo anterior, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán polo miúdo os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo, deberase oír o/a propio/a expedientado/a quen poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente para a súa defensa e que se unirá ao expediente que estudiará a Xunta Directiva e propoñerá a decisión que considere oportuna.

Se optase pola expulsión, presentarase na próxima Asemblea Xeral onde despois de oír a Xunta Directiva e o/a socio/a, se o solicitara, tomará unha decisión que será inapelable.

Contra a súa resolución e con arranxo o disposto na L O 1/2002, no artigo 40, poderase recorrer ante á Xurisdicción Ordinaria.

CAPÍTULO III

Órganos de Goberno e Órganos de Representación.

Título 1

Órganos de Goberno.

Artigo 15

A Asociación rexirase polo sistema de autogoberno e polo principio de representación a través dos seguintes órganos:

A - A Asemblea Xeral.

B - A Xunta Directiva.

C - A Presidencia.

Artigo 16

Os Órganos de Goberno da Asociación considéranse constituídos en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos/as asociados/as e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes.

Para que os seus acordos sexan válidos bastará a simple maioría dos votos favorables das persoas presentes ou representadas (non se computarán para estes efectos os votos en branco nin as abstencións), sempre que os citados órganos sexan convocados regulamentariamente.

O voto do/a Presidente/a será de calidade e resolverá os empates que puideran producirse.

Título 2

A Asemblea Xeral.

Artigo 17

A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación e estará constituída pola totalidade dos membros da mesma.

Artigo 18

As reunións da Asemblea Xeral serán:

A - Ordinarias.

Reunirase obrigatoriamente unha vez ao ano con carácter ordinario, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio e nela propoñeráse a aprobación das contas e orzamentos e o programa xeral da actuación social. A orde do día será fixada, en todo caso pola Presidencia.

B - Extraordinarias:

Extraordinariamente:

1 - Cantas veces o acorde o/a Presidente/a.

2 - Cando o acorde a Xunta Directiva por maioría de dous tercios.

3 - Cando o solicite a terceira parte dos/as asociados/as fundadores e numerarios/as por medio de escrito dirixido ao/a Presidente/a debidamente autorizado coas sinaturas correspondentes, e no que de xeito razoado se expoña o motivo da convocatoria.

Artigo 19

A Asemblea Xeral será convocada pola Xunta Directiva, e no seu nome polo/a Presidente/a, con sete días de antelación alomenos á data sinalada, por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, ou publicación da convocatoria nun medio que garanta o coñecemento da mesma, facéndose constar os asuntos que teñan que ser sometidos á deliberación da Asemblea, podendo facerse constar a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 20

Son funcións da Asemblea Xeral:

A - Examinar e aprobar as contas da Asociación sen prexuízo da ulterior fiscalización e autorización por quen legalmente proceda.

B - Examinar e aprobar a memoria anual da Xunta Directiva, que comprenderá unha exposición de todas as xestións levadas a cabo acerca dos diversos órganos e autoridades e do resultado das mesmas, así como tamén das actividades realizadas pola Asociación.

C - Elixir os membros da Xunta Directiva cando se trata de vacantes producidas antes de finalizar o período de mandato da Xunta. Os/as elixidos/as serano tan só ata completar o prazo que falte para a primeira renovación.

D - Fixar a cota mensual, trimestral, semestral ou anual do/a asociado/a e as extraordinarias que se acorden.

E - Aprobar o orzamento de gastos e ingresos do seguinte exercicio.

F - Adoptar aquelas resolucións que pola súa importancia lle someta a Xunta Directiva, se así o estimara procedente.

G – Aprobar, Modificar e reformar os presentes Estatutos, así como o Regulamento de Réxime Interno.

H – Ratifica-la expulsión de asociados /as a proposta da Xunta Directiva.

I - Disposición e alleación, gravame ou hipoteca de bens.

L - Solicitud de declaración de utilidade pública da Asociación.

M - Integración en Federacións de Asociacións.

N - Disolución da Asociación.

Ñ – Estudar e resolver os demais asuntos que a petición escrita pola terceira parte dos/as asociados/as se incorporen á orde do día dunha reunión ordinaria ou extraordinaria.

O - As que sendo de competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agarda-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.

P – Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Para os apartados G, H, I, L, M, N, O e P terá que ser en Asemblea Xeral Extraordinaria

Artigo 21

Será necesario o voto favorable dos dous tercios dos/as asociados/as presentes na Asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- A** - Disposición e alleación, gravame ou hipoteca de bens.
- B** - Modificar e reformar os presentes Estatutos, así como o Regulamento de Réxime Interno.
- C** - Solicitude de declaración de utilidade pública da Asociación.
- D** - Integración en Federacións.
- E** - Disolución da Asociación.

Título 3

A Xunta Directiva.

Artigo 22

A Xunta Directiva que asume a representación da Asociación, será nomeada pola Asemblea Xeral de asociados/as mediante elección directa para os cargos (listas abertas).

A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Todos os cargos directivos serán obrigatorios e gratuítos

Artigo 23

A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- A** - A Presidencia.
- B** - A Vicepresidencia.
- C** - A Secretaría.
- D** - A Vicesecretaría.
- E** - A Administración - Tesourería.
- F** - A Viceadministración - Tesourería.
- G** - As/Os Vocais.

Artigo 24

O mandato da Xunta Directiva será por dous anos, renodándose a partir do segundo ano, cada ano a metade dos membros.

Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que os van substituír.

Os directivos poderán ser elixidos por un novo período, non podendo ser reelixidos por segunda vez ata transcorridos dous anos. Se durante o ano se producira algunha vacante, a Xunta Directiva poderá designar de entre os asociados/as ata que se celebre a próxima Asemblea Xeral.

Artigo 25

As vacantes que se puideran producir por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigacións inherentes ao cargo, poderán cubrirse provisionalmente polos membros que designe a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 26

A Xunta Directiva reunirse:

- A** - Unha vez ao mes, durante os meses do curso escolar.
- B** - Sempre que o dispoña o/a Presidente/a por iniciativa propia.
- C** - Cando o solicite a terceira parte como mínimo dos compoñentes. Neste caso deberá facelo no prazo máximo de oito días.

Será obrigatoria a asistencia ás sesións da mesma e, en caso de non poder asistir, farase saber así ao/a Presidente/a por escrito.

Artigo 27

As facultades da Xunta Directiva estenderanse con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requira segundo estes Estatutos a autorización expresa da Asemblea Xeral.

Corresponde á Xunta Directiva:

- A** - Convocar e fixar a data de celebración da Asemblea Xeral.
- B** - Organizar e desenvolver as actividades aprobadas pola Asemblea Xeral.
- C** - Redactar os orzamentos e balances.
- D** - Regular o réxime económico da Asociación, así como a súa organización administrativa.
- E** - Designar as comisións de traballo que se consideren oportunas para o mellor desenvolvemento das actividades, as cales sempre que sexa posible serán presididas por un membro da Xunta Directiva.
- F** - Admitir, suspender e dar de baixa os membros da Asociación na forma prevista nos presentes Estatutos.
- G** - Dispoñer o pago das cotas ou reducir a súa contía nos casos previstos no artigo 13.
- H** - Leva-la xestión administrativa e económica da asociación.
- I** - Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.
- L** - Interpretar os Estatutos e velar polo seu cumprimento.
- M** - Exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral ou a outro órgano da Asociación.

Título 4

A Presidencia.

Sección 1ª.

A Presidencia.

Artigo 28

A Presidencia asume a representación ordinaria da Xunta Directiva ante autoridades, organismos públicos e privados e a dirección do Centro, podendo á súa vez delegala en casos de ausencia, enfermidade ou motivo xustificado na Vicepresidencia ou no seu defecto nunha das vocalías.

Artigo 29

Son funcións da Presidencia:

- A** - Convocar, presidir e levantar as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra.
- B** - Visar as actas das sesións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- C** - Representar a Asociación a todos os efectos para subscribir contratos ao seu nome, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións pola vía académica, gobernativa, administrativa e xurisdiccional ordinaria, aceptar doazóns, legados e herdanzas e exercitar accións ou opoñer excepcións de calquera orde relacionadas cos fins da Asociación.
- D** - Ser ordenador de pagos e asinar xunto a Administración-Tesourería os libramentos, cheques, etc...
- E** - Recibir en nome da Asociación calquera cantidade proveniente de subvencións de entidades públicas e/ou privadas.
- F** - Autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Asociación.

G - Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

H - Asumir tamén, en todo caso, todas as facultades que a lei establece.

Sección 2ª

A Vicepresidencia.

Artigo 30

As Vicepresidencias serán un número non inferior a un nin **superior a catro, e o citado número será á conformidade da** correspondente Xunta Directiva.

O número de designación establecerá a orde de substitución en caso de necesidade.

Corresponde ás Vicepresidencias:

A - Substituír o/a Presidente/a nos casos previstos no artigo 28, na súa ausencia terá as mesmas atribucións que este/a.

B - Colaborar coa presidencia na dirección da Asociación co obxecto de estar informado sempre da marcha da mesma e que se produza solución de continuidade en caso de substitución.

C - O/a Presidente/a poderá delegar nestes as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

Sección 3ª

A Secretaría.

Artigo 31

Son funcións da Secretaría:

A - Custodiar os libros, documentos e selos da Asociación, agás os de contabilidade e administración.

B - Ter actualizado o rexistro de socios/as, anotando no mesmo as altas e baixas que se produzan.

C - Levantar acta das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva que asinará co/coa Presidente/a.

D - Librar certificacións con referencia aos libros e documentos da Asociación co visto e prace do/a Presidente/a.

E - Preparar e redactar a Memoria Anual.

F -Levar a correspondencia da Asociación facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

G - Velar pola conservación dos locais sociais.

Sección 4ª

A Vicesecretaría.

Artigo 32

Son funcións da Vicesecretaría:

A - Substituír o/a Secretario/a nos casos de ausencia deste/a motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que este/a.

B - Colaborar coa Secretaría da Asociación co obxecto de estar constantemente informado da marcha da mesma e que se produza solución de continuidade en caso de substitución.

Sección 5ª

A Administración - Tesourería.

Artigo 33

Son funcións da Administración - Tesourería:

- A** - Encargarse de recadar e custodiar os fondos da Asociación e os libros de contabilidade e administración.
- B** - Efectuar cobros e pagos dispostos polo/a Presidente/a e anotalos nos libros correspondentes .
- C** - Ter as contas á disposición dos censores elixidos anualmente pola Asemblea Xeral, a efectos de intervención das mesmas.
- D** - Asinar co/coa Presidente/a os cheques, recibos y calquera outro documento análogo.
- E** - Elaborar o proxecto do orzamento que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deban someterse á citada Asemblea

Sección 6ª

A Viceadministración - Tesourería.

Artigo 34

Son funcións da Viceadministración-Tesourería:

- A** - Substituír o/a Administrador/a-Tesoureiro/a nos casos de ausencia deste/a motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que este/a.
- B** - Colaborar coa Administración-Tesourería da Asociación co obxectivo de estar constantemente informado da marcha da mesma e que se produza solución de continuidade en caso de substitución.

Sección 7ª

Os/As Vocalías.

Artigo 35

Os/as vocalías serán en número que acorde a Asamblea Xeral, que en ningún caso será inferior a catro nin superior a dezaseis.

Terán as obrigacións propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Sección 8ª

As Vacantes.

Artigo 36

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os mencionados membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV

Réxime Económico.

Título 1

Réxime Económico.

Artigo 37

R / Vila de Ordes, s/nº, 15100 Carballo (A Coruña), Telf.: 676 194 042

Os recursos desta entidade serán os seguintes:

A - As cotas dos/as asociados/as.

B - As doazóns, herdanzas e legados que sexan aceptados pola Xunta Directiva, así como subvencións que poidan ser concedidas polos órganos públicos ou privados ou por persoas individuais.

C - Os intereses que produzan os fondos ou o patrimonio da entidade.

D - Calquera outro ingreso que se arbitre a través das actividades que realice a entidade

Título 2

Exercicios.

Artigo 38

O exercicio asociativo coincidirá co inicio e co final do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

Artigo 39

O exercicio económico coincidirá co inicio e finalización do exercicio asociativo.

CAPÍTULO V

Modificación dos Estatutos.

Título 1

Modificación dos Estatutos.

Artigo 40

Os presentes Estatutos só poderán modificarse por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria convocada ao efecto.

A reforma deberá ser aprobada polas leis vixentes ao efecto.

CAPÍTULO VI

Disolución da Asociación.

Título 1

Disolución da Asociación.

Artigo 41

A Asociación de nais, pais e representantes legais "PEDRAS BRANCAS" das alumnas e alumnos do centro de ensino de infantil e primaria Fogar de Carballo poderá disolverse, no seu caso voluntariamente, por acordo adoptado en Asemblea Xeral convocada ao efecto con carácter extraordinario e cos requisitos que determinará o artigo 19.

Artigo 42

En caso de disolución, a Asemblea Xeral elixirá entre os seus membros a sete deles para constituír a correspondente Comisión Liquidadora, ostentando o/a de maior idade a presidencia da mesma.

A Comisión Liquidadora asumirá todas as funcións atribuídas aos órganos de Goberno, co único obxectivo de liquidar o patrimonio económico da entidade, destinando o saldo favorable, en caso de existir, a entidades sen ánimo de lucro dedicadas á realización de fins educativos con espírito similar ao que anima a esta Asociación e que se sinalará na Asemblea Xeral na que se acorde a liquidación.

Carballo a 30 de abril de 2007